

## *Patrimonio construído do Val Miñor. Reflexións veniais*

ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO

### INTRODUCCIÓN

Con motivo das III Xornadas de Arquitectura Galega celebradas en Santiago de Compostela no ano 1981, Iago Seara no seu relatorio di: “O territorio do país galego é a memoria da historia de Galicia. Para que exista unha entidade, como é unha nacionalidade, cunha conciencia propia como é Galicia, que non se confunde nin con Cataluña, Castela nin con outras, ten que conservar os testemuños da súa conciencia, ten que conservar as estruturas históricas máis fortes, as estruturas espaciais máis significativas, ten que conservar o seu patrimonio territorial, ten que conservar a arquitectura do territorio. Respectalo, reutilízalo e transformalo sempre en diálogo co territorio que as nosas xeracións herdaron”.<sup>1</sup>


Este territorio, transformado e estruturado tal e como hoxe o coñecemos, serve de escenario a todo un conxunto de bens mobles e inmobles, costumes, dereitos, usos, hábitos, técnicas, elementos intanxibles, elementos naturais, etc., que nos veñen herdados dos nosos devanceiros, e xunto con valores como a fala e outros forman o noso patrimonio material e inmaterial, é dicir, o conxunto de bens que o pobo galego recibiu dos seus antepasados.

O presente artigo vai aproximarse unicamente a unha parte mínima de toda esta riqueza cultural e patrimonial. Unha parte que demos en chamar patrimonio construído de carácter inmovible.

### O FEITO DE CONSTRUIR E A IDEA DE PATRIMONIO

Falar do patrimonio construído de calquera área xeográfica é tanto como facelo dunha parte moi significativa da súa riqueza cultural. Os obxectos, a arquitectura, a forma urbana e máis tarde o urbanismo, acompañan o ser humano dende os tempos máis remotos.

Está maioritariamente aceptado que o requisito previo para que se producise o asentamento humano nun determinado territorio foi o desenvolvemento da agricultura e a domesticación de animais, aínda que existen posicionamentos que



Emparrados sobre socalcos en Borreiros. Gondomar 2005.

defenden unha orde inversa nesta sucesión de acontecementos como, por exemplo, o defendido por Jane Jacobs<sup>2</sup>. En todo caso sobre o que si existe consenso é na idea de que coa aparición do sedentarismo iniciase o que co camiñar do tempo converterase nunha das creacións mais complexas ideadas pola humanidade e, ao mesmo tempo, paradigma máximo do patrimonio construído: a cidade.

Pódese dicir pois, de maneira xenérica, e con todo tipo de matizacións, que o nacemento da cidade correspóndese co neolítico inicial. Citamos como testemuña diso os restos arqueolóxicos de Xericó, en Cisjordania, xa evolucionada no ano 8000 a.C., segundo afirma J. Morris<sup>3</sup>, ou os de Catal Hüyük, na actual Turquía, con marcadas características urbanas polo 7000 a.C.<sup>4</sup>

A cidade de Mohenjo-Daro (2500 a 2100 a.C.), pertencente á cultura de Harappa que se deu no Val do Indo durante a parte final do período neolítico, o chamado eneolítico, está considerada como a máis importante dunha civilización que actualmente se considera como a primeira en levantar cidades mediante deliberados procesos de planeamento urbano<sup>5</sup>. Ata ese momento as cidades nacían e crecían organicamente, isto é, sen ningunha regra de carácter intelectual que definise e ordenase a totalidade do asentamento ou, o que é o mesmo, sen un patrón definido.

No que se refire ao ámbito xeográfico que nos ocupa, o Val Miñor, aínda que a presenza do ser humano está constatada dende o paleolítico segundo testemuña a estación arqueolóxica de Chan do Cereixo –Gondomar<sup>6</sup>–, as primeiras manifestacións de forma urbana que coñecemos son os poboados castrexos. Como é sabido, os castros son asentamentos urbanos propios do noroeste peninsular, significativamente abundantes en Galicia e Norte de Portugal, cunha serie de características moi definidas –por non ser a súa análise o obxecto deste artigo unicamente mencionaremos que presentan planta orgánica– que os diferencian do resto de ordenacións urbanas, coetáneas a eles, da Península Ibérica. Dáse como un feito certo, entre investigadores e arqueólogos, que a aparición dos castros coincide co final da Idade de Bronce, 1000 a 500 a.C.<sup>7</sup>

Antes, no neolítico, aparecen as primeiras construcións de carácter arquitectónico, e polo tanto as primeiras manifestacións do patrimonio construído inmóble, encontradas no Val. Referímonos ás antas dos enterramentos megalíticos. Neste mesmo período, quizás nunha etapa tardía da cultura megalítica, iníciáanse os gravados rupestres ao ar libre en Galicia; os petróglifos<sup>8</sup>. Destes, que para o caso que nos ocupa non entendemos como construcións propiamente ditas, existen no territorio dos tres concellos que conforman o Val Miñor abundantes e importantes estacións sobre as que hai editada, nalgúns casos, non pouca, aínda que sempre insuficiente, bibliografía.

Dende os vacilantes inicios no neolítico, que acabamos de esbozar, ata a actualidade o ser humano non deixou de incrementar o patrimonio construído materializando cousas, útiles, artefactos, arquitecturas, infraestruturas e cidades utilizando como soporte das súas obras o territorio. É desta maneira, con tan ampla tipoloxía de intervencións executadas de forma continuada no tempo, como o individuo fai mutar constantemente a paisaxe sobre a que intervéen polo que podemos dicir que, dalgunha forma, o ser humano termina por construír tamén a paisaxe. Constrúe a paisaxe dunha maneira máis próxima á natureza cando decide cultivar o territorio e dunha forma máis artificial, máis humana, cando toma a decisión de levantar arquitecturas, cambiar un borde marítimo ou asentarse sobre unha cidade sobre aquel.

#### PATRIMONIO CONSTRUIDO INMOBLE. MORFOLOXÍAS E TIPOLOXÍAS

Seguindo o criterio que acabamos de expor poderíamos clasificar o patrimonio construído de bens inmóbles da maneira seguinte:

- a) Por un lado estarían aquelas intervencións que identificamos coa paisaxe natural do territorio. Entre estas incluímos os distintos tipos de cultivos e aquelas pequenas obras de acondicionamento do terreo que lle son propias e que se relacionan directamente coa morfoloxía deste. É necesario pór de manifesto que entre os cultivos débense diferenciar os agrícolas dos forestais aínda que ambos contribúan decisivamente na composición da paisaxe. O cultivo agrícola proporciónanos os dous tipos de intervencións territoriais que imos tratar neste apartado. Ambos pertencen ao patrimonio etnográfico.

Como consecuencia das obras de acondicionamento do terreo para sometelo a cultivo e das enxeñosas maneiras con que a tradición levou a cabo ditos cultivos, aparecen resultados diversos entre os cales citaremos dous que entendemos como invariantes propias, aínda que non exclusivas, de Galicia. A primeira delas é o socalco. Este recurso construtivo empregado para acomodar a topografía natural aos intereses do individuo foi tratado con detemento por diversos autores tales como Begoña Bas, Pedro de Llano, Caamaño Suárez e outros. Xorde ante a necesidade de transformar unha ladeira de pendente continua nunha secuencia de bandexas horizontais. Esta maneira de transformar a morfoloxía do territorio para o seu mellor aproveitamento agrícola é moi usual en Galicia, principalmente na súa área Sur, e no Norte de Portugal perdendo forza en outras áreas xeográficas como, por exemplo, Asturias.

A segunda invariante está directamente relacionada co cultivo da vide. Reférimonos concretamente a un dos sistemas empregados: o emparrado. É esta unha maneira moi propia e case exclusiva –tivemos ocasión de ver emparrados en Jumilla– da Galicia occidental, principalmente da provincia de Pontevedra. Entre os demais sistemas de cultivo existentes, Caamaño Suárez considera aínda como habituais en Galicia outros dous: a estaca e o espaller.<sup>9</sup>

Tanto os diversos cultivos como os emparrados e os socialcos construídos polo individuo xeran unha imaxe tipo diferenciada e relacionada coa área xeográfica que nos ocupa sobre a que máis adiante volveremos.

- b) Neste segundo bloque agrupamos todos aqueles bens que se mostran descaradamente artificiais na creación de paisaxes. Chegados a este punto debemos facer distinción entre ámbitos de paisaxe poñendo de relevo que este pode ter un marcado carácter rural ou, pola contra, tratarse dunha armazón urbana. O caso galego, debido ás súas peculiares características poboacionais e de ordenación do territorio, que César Portela cifra en máis de trinta mil entidades de poboación de escasa forma urbana e máis de tres mil cincocentas parroquias rurais que aínda conservan moitas das características que lle deron identidade<sup>10</sup>, identifícase máis coa primeira opción que coa segunda, sendo, neste sentido, o Val Miñor un fiel reflexo de Galicia. Deixando a un lado os ben mobles podíamos dicir que o patrimonio construído de marcado carácter artificial no espazo rural confórmano os seguintes tipos edificatorios:

- 1.–Os pequenos conglomerados de edificacións diversas ou núcleos rurais.
- 2.–As edificacións illadas comúns.
- 3.–Pezas inmobles de singular importancia ou notable interese histórico, artístico cultural ou científico.

Nestes ámbitos rurais o patrimonio construído complétase con todos aqueles elementos de carácter público ou privado que teñen como fin configurar, comunicar, aproveitar e ordenar o territorio, e crear espazos comúns para a relación e o desenvolvemento das actividades humanas. Precisamente é por isto que un dos patrimonios con máis presenza no espazo rural, quizais o máis forte e amplo, é o etnográfico.

No espazo urbano, ademais das pezas de notable interese que dentro da súa delimitación poidan existir, é materia propia do patrimonio construído inmovible as distintas tipoloxías arquitectónicas que conforman o espazo edificado e a trama urbana que o citado espazo edificado forma cos eixes de comunicación –rúas– e as áreas de relación e representación –prazas e xardíns ou zonas verdes–. Todos estes elementos son os que determinan a distinta morfoloxía de cada vila ou cidade.

#### **CATEGORÍAS DO PATRIMONIO CONSTRUIDO INMOBLE. CONSERVACIÓN E DESTRUCCIÓN**

Non todo o patrimonio construído de carácter inmovible posúe igual categoría e importancia de índole cultural, social, artística ou histórica, e polo tanto non todo está sometido a protección e conservación mediante lei. Aínda que hoxe en día non

se teña en conta soamente o valor artístico dun ben para a súa catalogación e protección temos que saber que non sempre foi así. O entendemento e a aceptación do actual concepto de bens culturais tivo unha longa xestación histórico-temporal que imos intentar resumir. Existe constatación de coleccións de arte, entendida como selección e conservación de obxectos, dende o século II a. C. Esta idea mantívose durante a idade media ata a creación dos museos contemporáneos. Tamén dende a época romana existiron certas medidas xurídicas co fin de evitar o espolio e a destrución de obras de arte<sup>11</sup>. Pero non será ata a época contemporánea que a obra de arte ou ben cultural sexa catalogada mediante unha reflexión crítica baseada nos seus excepcionais valores artísticos, históricos ou culturais.



Muñíos hidráulicos de singular tipoloxía e gran interese etnográfico, en total estado de ruína no 2007, en Morgadáns-Gondomar.

É durante o Renacemento que o concepto de monumento consegue colocar, por primeira vez, os edificios do pasado na historia como obxectos de contemplación e de reflexión. Aínda así esta definición de monumento que nos propón o Renacemento, e que como tal pódese considerar unha grande achega, é limitada debido ao seu carácter restritivo –só se consideraban os edificios da antigüidade clásica e ademais o calado social do concepto unicamente chegaba a unha minoría de artistas, eruditos e humanistas–, e non será ata o século XVIII que, debido aos acontecementos sociais que se producen, principalmente en Francia, ao desenvolvemento da arqueoloxía, á aparición da historia da arte e ao inicio de accións de carácter estatal para a protección do patrimonio histórico na Europa ilustrada, se xere o concepto de monumento histórico-artístico.

Segundo González-Varas<sup>12</sup> será durante o Romanticismo, no século XIX, coa atención centrada no redescubrimento do patrimonio medieval, onde se defina o concepto actual de monumento que constituirá o núcleo do patrimonio cultural e que se enriquecerá, ao longo do século XX, con outras categorías de obxectos integradas no concepto máis amplo de Ben Cultural. Tamén será no século XIX cando aparezan as primeiras teorías de restauración artística e monumental.

É durante a segunda metade do século XX que, ante a necesidade de aglutinar coa definición de monumento a multitude de obxectos que un determinado pobo puidese ter como testemuño da súa cultura, historia e arte, creouse o concepto moderno de Ben Cultural. O concepto de monumento estaba directamente relacionado co valor estético ou histórico que unha determinada obra posuía. Isto propiciaba que fosen as obras procedentes de actividades de carácter creativo as que se beneficiasen de tal catalogación deixando nunha posición de inferioridade de trato obxectos de tipo utilitario e outros de menor consideración artística pero que poden ser moi valiosos á hora de significar a cultura dun pobo. Coa intención de protexer toda esta riqueza cultural nace o concepto de Ben Cultural.



Restos visigóticos de Panxón contornados por tipoloxías edificatorias de moi baixo valor arquitectónico. Marzo 2008.

En 1972 a Convención sobre Protección do Patrimonio Mundial da UNESCO divide os bens que integran o patrimonio mundial en Bens Culturais e Bens Naturais. En 1985 aparece a Lei de Patrimonio Histórico Español, tamén a Lei de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e en Novembro de 1995 entra en vigor a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia<sup>13</sup>, que ten como obxectivo “protexer, conservar e difundir un legado que o tempo irá acrecentando para transmitilo ao futuro”.

A L.P.C.G. divide o patrimonio, segundo a súa categoría, en Bens Declarados de Interese Cultural, Bens Catalogados e Bens Inventariados.

Serán declarados Bens de Interese Cultural os bens mobles, inmobles e inmateriais máis sobranceiros de Galicia. Dentro dos bens inmobles, que son o obxectivo deste artigo, farase a declaración de interese cultural atendendo ás seguintes clases: monumento, conxunto histórico, xardín histórico, sitio ou territorio histórico, zona arqueolóxica, lugar de interese etnográfico e zona paleontolóxica. Cada unha destas clases queda explicitamente definida na lei.

Compoñen a categoría de bens catalogados todos aqueles “do patrimonio cultural de Galicia que sen chegar a ser declarados de interese cultural, posúen especial singularidade”.

Por ultimo, o “Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia confórmano os bens declarados de interese cultural, os catalogados e aqueloutros que segundo as directrices marcadas pola mesma lei merezan ser conservados”.

Esta mesma lei no seu Título II refire o deber de conservación e protección que sobre o patrimonio cultural, e polo tanto sobre os bens inmobles, atendendo á súa categoría, do patrimonio construído de Galicia, teñen os diferentes axentes sociais, sexan individuais ou colectivos, privados ou públicos. Neste título faise fincapé en que os bens de interese cultural inmobles, e máis concretamente os monumentos, entenderanse integrados nun contexto que forma o seu territorio.

É este un concepto de vital importancia para poder entender e ler o monumento na súa integridade. Sen embargo é moi usual a total falta de consideración a esta área de respecto do monumento e como consecuencia diso aparecen agresións que nalgúns casos son moi difíciles de corrixir para devolver o monumento ao seu estado orixinal. É obvio que para agredir un monumento non é preciso o contacto físico

con el. Un dos casos máis paradigmáticos deste tipo de agresións é a que, dende finais da década dos sesenta do século pasado, sofre a Porta de Alcalá (1764-1776) en Madrid. Esta obra do gran arquitecto Francesco Sabatini, unha das máis emblemáticas da cidade, veuse notablemente prexudicada cando nun solar situado con fronte á rúa O'Donell e á Avenida Menéndez Pelayo, decidese levantar unha torre de máis de vinte e cinco plantas de altura. O feito de que a torre de Valencia, é así como se chama, sexa unha das obras máis interesantes da arquitectura contemporánea do estado español e que o seu autor, Javier Carbajal Ferrer, sexa un profesional de recoñecido prestixio internacional, non son razóns que minoren o dano que a citada torre infrinxe á silueta da porta de Alcalá desfacendo a relación que ata ese momento existía entre esta e a paisaxe urbana ademais de transformar de maneira radical a relación figura-fondo do monumento.

No ámbito xeográfico que nos ocupa son lexión os exemplos que poderíamos citar deste tipo de agresións pero só imos nomear a que sofren os cruceiros. É moi usual ver como a contorna inmediata destes monumentos, tan intimamente vinculados á cultura de Galicia, queda totalmente colonizada por sinais de tráfico, contedores do lixo, cableados de todo tipo e bosques de postes das compañías subministradoras de enerxía eléctrica e telefonía que desnaturalizan e agreden totalmente o monumento.

Por último, o título IX da L.P.C.G. tipifica as infraccións en materia de protección do patrimonio cultural de Galicia como leves, graves e moi graves, con especificación pormenorizada de cada clase, indicando as sancións que corresponden a cada caso. Tamén recolle as posibilidades e os órganos para facelas efectivas.

## ACERCAMENTO Á PROBLEMÁTICA DO PATRIMONIO INMOBLE DO MIÑOR

As particulares características xeográficas, paisaxísticas, climatolóxicas, infraestruturais, dotacionais e históricas do Val Miñor convérteno nun territorio sometido a continuas transformacións como consecuencia da continua presión urbanística á que se ve sometido. En esencia consideramos que son dous os factores que determinan esta presión: a proximidade da cidade máis dinámica e poboada de Galicia e as grandes demandas que impón o turismo.

Estes factores, ambos economicamente produtivos para o val, necesitan ser ben xestionados, a través dos organismos competentes, para contrarrestar ou minorar os efectos negativos que unha dinámica socio-económica forte e incontrolada pode chegar a ocasionar. En todo caso unha consecuencia que esta problemática carrega é o barbeito social<sup>14</sup>. O maior dinamismo socio-económico que, xeralmente, posúe a franxa costeira galega respecto das zonas interiores pode chegar a ter repercusións negativas, facilmente subsanables algunhas veces e de solución máis complexa outras, para o patrimonio cultural en xeral e polo tanto, tamén, para o patrimonio construído de carácter inmovible.

Dispoñendo dos medios de planeamento e control que a lei determina e facendo aplicación destes, dunha maneira coherente e rigorosa, podía ser posible alcanzar resultados aceptables. En todo caso é necesario asumir que sempre apareceran actitudes e accións fóra de todo control con resultados indesexables.

A continuación pasamos a analizar, de maneira esquemática, as consecuencias que tal situación repercute ao patrimonio inmovible do Miñor. Para iso imos seguir o criterio exposto no apartado 2. *Patrimonio cultural inmovible*, deste artigo.

#### INTERVENCIÓNS QUE IDENTIFICAMOS COA PAISAXE NATURAL DO TERRITORIO

Iniciamos este apartado comentando unha acción xa afastada no tempo pero que consideramos determinante na construción da paisaxe actual de todo o Val: a repoboación forestal.

Non é este un efecto achacable a ningún dos dous motivos que anteriormente se citaron como dinamizadores do Val, pero si é consecuencia dunha política equivocada que baixo pretexto de buscar melloras económicas conseguíunas unicamente, segundo parece, para o sector madeireiro.


Coa introdución indiscriminada de eucaliptos e piñeiros en detrimento das especies autóctonas terminouse por, ademais de provocar as negativas repercusións na cinexética e sobre o propio hábitat, que non son cuestións menores, subtraerlle ao Val, de igual maneira que a unha gran parte de Galicia, o dereito a gozar da policromía. Desapareceron as tonalidades de amarelos, pardos, ocres, marróns, laranxas e vermellos do outono, que coa chegada da primavera volvían converterse nunha ampla gama de verdes para vestir o gran espectáculo de pólas espidas que durante o inverno permitían á luz do sol tocar a terra. Esta abundancia de cor, de forma, de luz, e de sombras foi substituída por un verde monocromático e perenne que, a medida que crece a distancia espacial respecto do observador, a atmosfera termina por transformar en azul grisáceo, algo triste e melancólico. Estamos convencidos de que a cor pode chegar a ser fundamental na definición dunha paisaxe, sexa natural ou artificial.

Xa, como consecuencia directa dos motivos dinamizadores, citados ao inicio deste apartado, imos comentar tres casos; dous deles de notable repercusión e o terceiro case anecdótico pero merecedor dalgunha atención.

A chegada ao rural de xentes da cidade, o espallamento de edificacións con uso a vivenda de segunda residencia e os cambios nos medios de produción dos habitantes do rural fai que o concepto labrego da casa termine, practicamente, por desaparecer. O prezo do solo multiplícase e como consecuencia de todo iso o campo deixa de cultivarse por non ser rendible. O resultado, sen posibilidade de retorno, é que a paisaxe ordenada que o home construía no val hai algunhas décadas mediante o cultivo de millo, patacas, viño utilizando emparrados, trigo e demais produtos agrícolas transformouse nun manto vexetal incontrolado de xeración espontánea.

Por causa dos mesmos motivos dinamizadores lévanse a termino, con penosa frecuencia, transformacións pouco afortunadas da paisaxe natural mediante, neste caso, a implantación de construcións que cando non alcanzan a suficiente categoría estética ou cando se emprazan en contextos delicados e indebidos poden producir perdas irrecuperables –dunas de Panxón– ou indesexables –cámping da Ladeira.





Casa tradicional en Morgadães. Estado que presentaba na década dos noventa e vista da inadecuada ampliación a que foi sometida.

O terceiro caso poderíamos dicir que forma parte da “micropaisaxe”. Trátase dun determinado tipo de xardíns que, emprazados no medio rural, pertencen ao ámbito privado. O esquecemento, nuns casos, e o descoñecemento, noutros, dos costumes e regras do rural, o incremento do poder adquisitivo da poboación, o crecemento dun novo modismo, a desinformación e o mal gusto son condicionantes que posibilitan a creación de xardíns nos que as froiteiras e as especies ornamentais da vexetación autóctona e tradicional son substituídos na súa totalidade, ou case, por todo tipo de exemplares exóticos que teñen que posuír como condición básica a de ser, por algunha razón, fortemente rechamantes. O conxunto, que regularmente inclúe diversos obxectos, presenta unha indubidable aparencia kitsch rematándose en moitas ocasións cun “cruceiro” mandado tallar para a ocasión.


É obvio que non nos estamos a referir aos xardíns que, en solitario ou acompañando a pezas arquitectónicas, forman parte da arquitectura indiana. Estas son obras doutro tempo e contexto, con resultados sorprendentes, que precisarían máis atencións e coidados cós que actualmente, a maioría, reciben.

#### PATRIMONIO CONSTRUÍDO INMOBLE DE MARCADO CARÁCTER ARTIFICIAL

##### MEDIO RURAL

O ámbito rural, nos últimos corenta ou cincuenta anos, sufriu unha transformación profunda que non só afectou á paisaxe de carácter natural. Tamén o espazo edificado se viu sometido a notables modificacións e incremento chegándose a distorsionar en alto grao os tipos edificatorios existentes –non imos comentar as novas edificacións que se van incorporando–, e a morfoloxía dos núcleos rurais tradicionais.

A vivenda, como xa mencionamos anteriormente, perdeu o antigo concepto da casa labrega, desmembrouse, e paralelamente a esta perda foron desaparecendo as edificacións secundarias ou adxectivas da casa que, xunto co eido, dábanlle significado –adega-lagar, cortes, cortellos, canizo, alpendre,



Rehabilitación da capela do cemiterio de Vincios. Ano 2003.



Vista parcial da rehabilitación da casa Valcarce. Peitxeiros, ano 2002.

eira, palleiro, pozo-pilón, etc.– Esta, que é unha tendencia xeneralizada en toda Galicia, prodúcese de maneira máis acelerada en zonas coma o Miñor debido aos motivos xa citados varias veces.


A casa-vivenda rural do Val Miñor raramente é abandonada. O máis habitual é que sufran acondicionamentos e reformas encamiñadas a obter por parte dos seus usuarios unhas prestacións acordes cos tempos actuais. Isto que é lícito, lóxico, e desexable, porque posibilita a pervivencia da obra no tempo, tamén é, moi posiblemente, o vehículo de máis peso na mutilación e destrución deste tipo de patrimonio construído. Tal é o grao de insensibilidade e falta de calidade imperante cando se trata de actuar sobre estes bens inmóbles. Non imos entrar a analizar cal sería a maneira correcta de acometer estas intervencións pero si diremos que nos parece moi importante prestar a debida atención á preexistencia e o seu territorio, os materiais e a escala, as cores e a textura, a luz e a sombra, e, en todo caso, ter presente que en arquitectura, igual que no resto de artes e ciencias, a obra debe ser filla do seu tempo. É necesario contextualizala.

Sorte parecida, neste caso por abandono, debido a que xa non son necesarias para a función que realizaban porque deixou de existir a necesidade ou é levada a cabo por outras pezas máis modernas, sufriron e seguen a sufrir as moitas construcións de carácter anónimo que conforman o patrimonio etnográfico. Algunhas quedan sensiblemente danadas pola invasión inadecuada que se fai do seu espazo territorial, xa comentamos isto, como sucedeu cun acueduto do século XVII<sup>15</sup> en Gondomar. Outras esborrá-

llanse pouco a pouco, devoradas pola propia natureza como lle ocorre a tantas fontes, lavadoiros, pontillóns e pasais, cruces e cruceiros, petos de ánimas, centenaes de muíños hidráulicos, etc. E aínda, por último, nalgúns casos tómase a decisión de facer desaparecer unha destas pezas para posibilitar un novo uso do solo como, por exemplo, sucedeu co secadoiro de redes en Baiona.

Tampouco o patrimonio arqueolóxico queda exento de agresións; unhas veces por descoñecemento –caso do castro da Pedra Moura, en Donas, ao abrir unha pista forestal<sup>16</sup>– e outras executadas de maneira premeditada –destrución mediante explosivos de petróglifos nas inmediacións da estación arqueolóxica de Santa Lucía en Vincios.

Tamén o patrimonio arquitectónico de carácter máis culto e de autor queda sometido, por diversas razóns, a espolio, agresións e destrucións. Da longa lista que poderíamos citar unicamente imos mencionar tres casos: as repetidas equivocacións levadas a cabo sobre a igrexa románica de Santa Baia en Donas, os ataques á unidade formal, espacial e estética da casa-pazo de Suero Yañez, en Parada, debido ás segregacións sufridas pola propiedade, e, por último, as incorrectas reformas e engadidos realizados nalgúns obras de arquitectura rexionalista na praia de Lourido.



Casa de estilo rexionalista, de inspiración no barroco compostelán, no Monte Lourido. Nigrán 2008.

A desestruturación dos núcleos rurais tradicionais e o aumento da ocupación difusa do territorio é unha problemática á que unicamente poden facerlle fronte os concellos a través dos documentos de planeamento e as políticas de control. Temos a convicción de que é un problema de considerable envergadura e de consecuencias demoledoras para o patrimonio construído de carácter inmovible do rural. As defectuosas políticas de xestión e o exceso de permisividade ten consecuencias incontrolables con resultados tan desoladores como os que se poden apreciar no que non hai moitos anos era no barrio de Pedra, en Morgadáns, un núcleo rural tradicional de alto interese etnográfico e paisaxístico.

#### MEDIO URBANO

Dende o noso punto de vista e atendendo a razóns históricas, de morfoloxía urbana, e de tipoloxías arquitectónicas, os dous núcleos urbanos de maior interese son as vilas de Baiona e Gondomar.

Baiona que, segundo varios estudos historiográficos debe a súa situación a criterios de estratexia comercial e militar, foi vila de realengo que chegou a ter xurisdición sobre terras do Miñor, a Louriña, e Riba de Miño. O seu porto loitou durante moito tempo polo monopolio comercial da Galicia atlántica, foi escenario de acontecementos bélicos de notable importancia e tamén o primeiro lugar que recibe a noticia do descubrimento do continente americano.

A vila, coa chegada dos concellos constitucionais no primeiro terzo do século XIX, mantén a capitalidade administrativa. Presenta un casco histórico cunha morfoloxía de herdanza medieval e uns tipos edificatorios procedentes, nalgúns casos, tamén das épocas medieval e moderna que configuran unha trama urbana de alto interese histórico, artístico e paisaxístico. Precisamente estas calidades foron o motivo de que a parte antiga do concello fose declarada Ben de Interese Cultural, con categoría de conxunto histórico,

No concernente ao ámbito privado miramos como unha das máis insensatas operacións que se están levando a cabo, de maneira reiterada e crecente, contra o carácter, imaxe e identidade da vila, o picado dos recibos e enlucidos que visten a pedra cando é cachotería. Outra vez un modismo, a pedra vista sexa cal sexa a súa categoría ou emprazamento, desfai a composición e o cromatismo das fachadas que os distintos mestres construtores converteran en propiedade básica do espazo construído da vila desfigurando, ao mesmo tempo, a imaxe de época que lle corresponde.

## NOTAS

- 1 I. Seara Morais.: "Construción do territorio versus ordenación urbanística do territorio", en *Galicia. Patrimonio Arquitectónico-cidade e territorio*. II e III xornadas de arquitectura galega. C.O.A.G. Santiago de Compostela 1984 páx. 59.
- 2 Jane Jacobs: *La economía de la ciudad*. Editorial Península. Madrid 1972.
- 3 A.E.J. Morris: *Historia de la forma urbana. Desde sus orígenes hasta la revolución industrial*. 4ª edición. Editorial Gustavo Gili S.A. Barcelona 1984. pax. 23
- 4 A. García Bellido: *Urbanística de las grandes ciudades del mundo antiguo*. 2ª edición. CSIC. Instituto Español de Arqueología. Madrid 1985 páxs. 8 e 9.  
A.E.J.Morris: op.cit. páxs.23,451,452 e 453
- 5 A.E.J. Morris: op.cit. páxs. 29 e 30
- 6 Jaime Garrido Rodríguez. Nueva estación paleolítica en Portavedra-Gondomar. 1978
- 7 Felipe Senén López, en *Historia de Galicia*. Edicións A Nosa Terra. Vigo 1996 páx. 26
- 8 A. De la Peña Santos e J.M. Vázquez Varela: *Los petroglifos gallegos. Gravados rupestres prehistóricos al aire libre en Galicia*. 2ª edición. Edicións do Castro. Sada-A Coruña 1992 páxs. 102,103,104,105,106 e 112
- 9 M. Caamaño Suárez: *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*. Consello Galego do Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos. Santiago de Compostela 2003. páx. 269
- 10 Cesar Portela F.-J.: "A Ordenación do Territorio. Unidades territoriais que permitan un avance cara a os socialismo". II Xornadas de Arquitectura Galega, Cambados, 1979, en *Galicia. Patrimonio Arquitectónico-cidade e territorio*. II e III xornadas de arquitectura galega. C.O.A.G. Santiago de Compostela 1984 páx. 18.
- 11 Ignacio Glez.-Varas: *Conservación de bienes culturales. Teoría, historia, principios y normas*. 4ª edición. Ediciones Catedra Madrid 2005 páx. 23
- 12 Ignacio Glez.-Varas: op.cit. páxs. 34,43,44 e 46
- 13 Lei 8/1995, do 30 de Outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia. Diario Oficial de Galicia número 214, mércores, 8 de Novembro de 1995.
- 14 Enténdese por barbeito social o agardar a revalorización das parcelas para dedicalas a edificación en vez de a uso agrario.
- 15 VV.AA.: *Gondomar. Historia, Arte e Territorio*. Edicións Ir Indo 1994. páxs. 236,237 e 238.
- 16 VV.AA.: op.cit. páxs. 87,88 e 89.
- 17 Decreto 48/1993 do 25 de Febreiro polo que se declara Ben de Interese Cultural con categoría de conxunto histórico a zona antiga de Baiona. Diario Oficial de Galicia nº 40, luns 1 de Marzo de 1993.
- 18 Don Diego Sarmiento de Sotomaíor, señor de Gondomar, establece na figura do seu fillo D. Diego Sarmiento de Acuña o morgado de Gondomar e Vincios no ano 1579. Será no ano 1616 cando se institucionalice o título de Conde de Gondomar.
- 19 Decreto 48 /1999 de 18 de Febreiro polo que se declara Ben de Interese Cultural con categoría e monumento a favor do Pazo de Gondomar. Diario Oficial de Galicia de 3 de Marzo de 1999.
- 20 Aubrey F.G. Bell: *Galicia vista por un inglés*. Galaxia, 1994. Páx. 127.